

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Servizos Económicos

*Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal nº 8*

##### ANUNCIO

##### Modificación da ordenanzas fiscais número 8. Aprobación definitiva

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 10/10/2019, tomou, entre outros, o acordo de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal nº 8 , reguladora da taxa por prestación do servizo público do complexo deportivo municipal de Arteixo, prestación de servizos noutras instalacións deportivas e outros servizos análogos.

No BOP nº 198 de data 17/10/2019 procedeuse á inserción do anuncio de aprobación provisional do citado acordo, en cumprimento do establecido nos artigos 15 e ss do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)

Tendo transcurrido o prazo de exposición pública sen que se teñan presentado alegacións, procede, polo tanto, por mor do previsto no art. 17.4. do TRLRFL, inserir o texto completo da devandita ordenanza no BOP, coas modificacións operadas.

##### ORDENANZA FISCAL Nº 8 ( TEXTO ÍNTEGRO)

**“TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE ARTEIXO, PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OUTROS SERVIZOS ANÁLOGOS ”**

##### ARTIGO 1. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 141 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D.legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa por prestación do servizo público municipal de piscina, instalacións deportivas e outros servizos análogos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao disposto no artigo 57 do R.D. legislativo.

##### ARTIGO 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da presente taxa a utilización das instalacións deportivas municipais, prestación de servizos nas referidas instalacións así como a prestación de calquera outro servizo relacionado coa actividade deportiva ou análoga.

##### ARTIGO 3. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e 23 do R.D. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, usuarias dos servizos descritos anteriormente.

##### ARTIGO 4. Responsábeis

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Serán responsábeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

**ARTIGO 5. Cota tributaria**

Establécense as seguintes tarifas (importes con base imponible):

A. Uso de pavillón polideportivo ou ximnasio (por hora ou fracción)	21,51 €
B. Uso de campo de fútbol (por hora ou fracción)	26,11 €

Gozarán dunha bonificación do 100% do importe da cota tributaria sinalada no artigo 5A e 5B as entidades deportivas sen ánimo de lucro que desenvolvan actividade deportiva regular en Arteixo e que estean incluídas no Rexistro Municipal de Entidades con baixa capacidade económica.

Este beneficio fiscal terá un carácter rogado a solicitude da entidade interesada e con carácter anual nas datas que determine o Servizo Municipal de Deportes. Someterase a informe do Servizo Municipal de Deportes que prestará conformidade se procede, Ao beneficio fiscal que aquí se regula. O informe do Servizo Municipal de Deportes terá en conta a capacidade económica da entidade solicitante, tendo en conta a simulación do pago anual das taxas pola utilizacións das instalacións deportivas municipais, comparando este importe das taxas co resultado económico da súa actividade global no exercicio anterior.

Considerarase que a entidade cumpre co requisito da baixa capacidade económica, se como resultado da simulación do pago anual das taxas pola utilizacións das instalacións deportivas municipais, sae un importe maior que o resultado económico da súa actividade global no exercicio anterior ao da solicitude.

**C. COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE ARTEIXO**

\* Os importes das taxas pertencentes a complexo deportivo municipal de Arteixo verán incrementada a base imponible no IVE vixente en cada momento.

1.	ABONADOS	BASE IMPOÑIBLE
1.1.	Matrícula	22,63 €
1.2.	Abonado Individual	22,63 €
1.3.	Abonado familiar 2 membros	22,63 €
1.4.	Abonado familiar 3 membros	26,40 €
1.5.	Abonado familiar 4 membros o máis	30,16 €
1.6.	Abonado 3ª idade	15,09 €
1.7.	Abonado xoven	17,82 €
1.8.	Abonado social	10,44 €
1.9.	Abonado matinal	15,09 €

2.	ENTRADAS PUNTAIS NON ABONADOS	BASE IMPOÑIBLE
2.1.	Entrada adulto/a	4,35 €
2.2.	Entrada neno/a	1,74 €

3.	ACTIVIDADES ACUÁTICAS (€/MES POR UNHA SESIÓN SEMANAL)	BASE IMPOÑIBLE	
		ABONADOS	NON ABONADOS
3.1.	Nenos/as	5,22 €	10,44 €
3.2.	Persoas adultas	6,09 €	12,18 €
3.3.	Bebés	10,44 €	20,87 €
3.4.	Terapéutica e 3ª idade	3,48 €	6,96 €
3.5.	Grupos	2,61 €	5,22 €

As cuotas indicadas son mensuais e corresponden a unha frecuencia de unha sesión semanal. As actividades de frecuencia superior terán o custe proporcional ao número de sesións semanais de impartición da actividade.

4.	ALUGUER PISTAS EXTERIORES (1 HORA)	BASE IMPONIBLE	
		SOCIOS OU ABONADOS	NON ABONADOS
4.1.	Con luz	9,57 €	*
4.2.	Sen luz	6,96 €	*

5.	CURSOS DE PÁDEL (€/MES)	BASE IMPONIBLE	
		SOCIOS OU ABONADOS	NON ABONADOS
5.1.	Grupos de 1 neno/a	34,80 €	*
5.2.	Grupos de 2 nenos/as	26,09 €	*
5.3.	Grupos de 3 nenos/as	21,75 €	*
5.4.	Grupos de 4 ou máis nenos/as	13,05 €	*
5.5.	Grupos de 1 persoa adulta	52,20 €	*
5.6.	Grupos de 2 persoas adultas	39,14 €	*
5.7.	Grupos de 3 persoas adultas	32,62 €	*
5.8.	Grupos de 4 ou máis persoas adultas	19,58 €	*

\*As tarifas propostas corresponden a usuarios abonados. Aquelas persoas que non ostenten a condición de abonados e queiran alugar ou participar en cursos de pádel, deben efectuar previamente o pago da entrada ás instalacións cada vez que se acceda para recibir a clase.

6.	OUTRAS ACTIVIDADES	BASE IMPONIBLE	
		ABONADOS	NON ABONADOS
6.1.	Adestramentos individualizados (prezo monitor / hora)	19,14 €	23,48 €
6.2.	Aqueróbic e outras actividades de fitness de grupos reducidos e/ou personalizados (prezo / mes)	10,44 €	20,87 €
6.3.	Campamentos (prezo/día de actividade)	3,48 €	5,22 €
6.4.	Aluguer de calles (prezo/45 minutos)	12,18 €	12,18 €

7.	SOCIOS	BASE IMPONIBLE
7.1.	Matrícula	21,75 €
7.2.	Socio individual	27,84 €
7.3.	Socio familiar (todos os fillos ata 17 anos incluídos)	34,80 €
7.4.	Suplemento socio familiar por fillo entre 18 e 24 anos incluídos	6,96 €
7.5.	Suplemento socio familiar por avó / avoa	8,69 €

8.	OUTRAS TARIFAS	BASE IMPONIBLE
8.1.	Excedencia matrícula para socios	13,05 €
8.2.	Devolución de recibo bancario	1,74 €
8.3.	Reposición de carnet de acceso	2,61 €
8.4.	Sesión de fisioterapia 50 minutos	24,36 €
8.5.	Sesión de fisioterapia 25 minutos	13,05 €
8.6.	Adestramento de triatlón por sesión á semana para socios (pago mensual)	8,69 €
8.7.	Adestramento de triatlón por sesión á semana para non socios (pago mensual)	13,05 €

**ARTIGO 6. Período impositivo e devengo.**

O período impositivo coincidirá, nos abonados á piscina municipal, co mes natural, devengándose o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irreducibéis por dito período.

As tarifas que deban satisfacer os non abonados á piscina municipal devengarase instantaneamente no momento de acceder ás instalacións ou de formular a solicitude, se de actividades se tratara.

O período impositivo, nos cursos impartidos na piscina municipal, e naqueloutros impartidos pola entidade xestora da piscina municipal, coincidirá co período de desenvolvemento do curso, devengándose o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irreducibéis por dito período.

Nas restantes instalacións deportivas e pola prestación de servizos sinalados na presente ordenanza, o período impositivo coincidirá co período solicitado polo suxeito pasivo para a utilización da instalación deportiva, devengándose a taxa no momento de formalizar a solicitude.

**ARTIGO 7. Normas de xestión**

1. Mensualmente, polos servizos encargados da xestión do Complexo Deportivo Municipal de Arteixo, elaborárase un padrón municipal de aboados para o cobro mensual das correspondentes cotas tributarias. O impago das mesmas ocasionará a imposibilidade de acceso á Piscina. Acumulados tres recibos pendentes de cobro, o aboadado causará baixa no Padrón, debendo, no caso de nova solicitude de aboadado á piscina, aboar a cota de entrada correspondente.

2. Nas restantes instalacións e prestación de servizos, esixirase a autoliquidación do importe da taxa. As devolucións que procedan por falta de prestación do servizo por causas non imputábeis ao contribuínte, tramitaranse polo procedemento que rexe o reintegro de pagos indebidos. Prestado o servizo, a cantidade ingresada en concepto de autoliquidación será aplicada ao importe definitivo da taxa, esixíndose, no seu caso, a maior contía que resulte.

3. A utilización das instalacións referidas nesta ordenanza, solicitaranse por escrito dirixido ao Servizo Municipal de Deportes, cos datos do solicitante, así como da persoa, equipa, entidade ou asociación que vaia facer uso das instalacións. Na mesma sinalárase, ademais, a persoa responsábel do bo uso destas e a data e tempo da utilización do servizo de que se trate. Presentada a instancia, resolverase sobre a procedencia da utilización, que deberá ser motivada, no suposto que fora denegatoria.

4. No caso de tratarse de actos ou actuacións extradeportivas por sociedades, partidos políticos ou outros espectáculos artísticos de índole non deportiva, serán resoltos pola Alcaldía, que en todo caso poderá solicitar os informes correspondentes do Servizo Municipal de Deportes. Dita resolución sobre a procedencia ou improcedencia de conceder a autorización para usar as instalacións, será notificada aos interesados e aos servizos encargados da súa execución.

5. O Concello de Arteixo, previo informe do Servizo Municipal de Deportes, poderá esixir unha fianza para responder dos posibles desperfectos que se poidan producir nas instalacións deportivas, agás cando se trata do Complexo Deportivo Municipal de Arteixo ou das escolas deportivas municipais. A devolución da anterior garantía resolverase, previo informe do Servizo Municipal de Deportes, acreditativo de que non foron causados danos nas instalacións municipais ou se estes foran causados, que xa se teñan reparados.

**ARTIGO 8. Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

**DISPOSICION ADICIONAL**

As tarifas anteriores serán incrementadas anualmente no IPC.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal, que consta de oito artigos, unha disposición adicional e unha disposición final.

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día . Entrará en vigor, ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e comenza a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derogación expresas.

Arteixo a 3 de decembro de 2019

Asina dixitalmente. O concelleiro de Servizos Económicos.

José Baldomero Vázquez Pereiro.